CONCELLO DE RIVEIRA

Regulamento IX RUTA DO NADAL BTT

1. Organización

Concello de Riveira

2. Data e lugar da actividade.

Domingo 30 de decembro de 2018

Saída e chegada: Complexo Deportivo A Fieiteira

Saída ás 09:00 da mañá.

3.- Recollida de dorsais

08.00 a 08.45 horas.

4. Inscricións

O prazo de inscrición remata o día 26 de decembro ás 23.59 horas .

O cota da inscrición será de 6 €.

Establécese un tope de inscrición máximo de 500 participantes.

5. Dereitos por participar na Ruta

Seguro da actividade

Avituallamento líquido/sólido

Pincho clausura

Servicio de Duchas

Auga para lavado de bicicletas

Zona de aparcamento

Asistencia técnica en ruta (Facilitada pola casa comercial Sportbike).

Sorteo de agasallos

6. Participación de menores de 18 anos

Todo menor de idade deberá presentar una autorización do seu titor legal para poder participar na ruta. O titor deberá estar presente na entrega de dorsais para firmar a correspondente autorización.

Poderán participar na ruta mini os maiores de 10 anos cunha preparación física/técnica alta para poder participar nunha ruta destas características. Deberá ser acompañado en toda a ruta por un adulto responsable.

A organización reservase o dereito de retirar da ruta os menores que considere que podan poñer en perigo a súa integridade física ou do resto de participantes, ou o transcurso normal do desenrolo da proba.

7. Equipamento

Para participar, será obrigatorio o uso de casco e uso de roupa deportiva.

O dorsal deberá estar visible en todo momento.

8. Percorrido

Os participantes poderán escoller entre tres percorridos (55,45,35 Kms. aproximadamente), con diferentes niveis de dificultade.

O inicio e fin da marcha terá lugar no Complexo Deportivo A Fieiteira

O transcurso da ruta terá lugar nalgúns tramos por vías abertas ao tráfico, aínda que eses tramos estarán controlados na súa maior parte por protección civil e policía local. Será necesario extremar as precaucións e respectar as normas xerais de seguridade vial.

A Ruta do Nadal non é competitiva.

A marcha será de velocidade libre.

Realizaranse dous avituallamentos líquidos e un sólido .

O corredor deberá seguir o percorrido marcado.

O percorrido estará sinalizado cos mellores medios posibles. Será responsabilidade dos participantes a localización da sinalización.

09.- Seguro

A organización contratará un seguro colectivo de accidentes, para tódolos participantes.

A organización non se fai responsable dos posibles accidentes que poidan ocorrer en caso de imprudencias ou por non seguir as normas da proba.

10. Limpeza e preservación do entorno natural

A ruta do Nadal discorre por un entorno de gran valor natural. Por este motivo, dende a organización faise un chamamento a tódolos participantes a respectalo.

No punto de avituallamento disporase de puntos de recollida de residuos onde os participantes poderán depositar papeis, botellas, latas, etc.

A organización poderá expulsar da Ruta (e polo tanto, perder todo dereito a disfrutar de canto supón ser participante) a calquera persoa que incumpra os puntos anteriores ou manteña outras condutas perxudiciais para o medio ambiente.

11.- Aceptación do regulamento

A participación na Ruta implica a aceptación do presente regulamento. O descoñecemento do mesmo non exime o participante do seu cumprimento.

A organización poderá expulsar da Ruta a todo aquel participante que incumpra algún dos puntos citados no presente documento, así como a todo aquel que adopte conductas temerarias, perigosas ou que impidan o bo funcionamento do evento.

TROFEOS

- Club máis numeroso: cando o menos participen 10 dos seus membros.

- Club máis lonxano: cando o menos participen 5 dos seus membros.